

## 1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

### INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (a C11 á C12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán, do cuestionario bilingüe, prevalece este último aos únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución, poderán expresarse de maneira unívoca.
- 9.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

**EXAME EN GALEGO**

**1. Os procedementos de selección do persoal estatutario temporal basearanse nos seguintes principios:**

- A) Igualdade, mérito, capacidade, competencia e publicidade.
- B) Nos fixados previamente polas mesas de negociación correspondentes.
- C) Unicamente nos de igualdade, capacidade e competencia.
- D) O Estatuto marco non fixa principios ao tratarse de procedementos de selección do persoal estatutario temporal.

**2. Segundo o artigo 10 da Lei galega 3/2001, de 28 de maio, cal dos seguintes datos non forma parte do contido mínimo do documento de consentimento informado?**

- A) Identificación do centro.
- B) Identificación do médico que informa.
- C) Identificación da persoa responsable da dirección do centro sanitario.
- D) Lugar e data.

**3. A competencia en materia de sanidade exterior e de acordos sanitarios internacionais corresponde a:**

- A) Exclusiva do Estado.
- B) Compartida. O Estado ditará a normativa básica e o seu desenvolvemento normativo corresponderá ás Comunidades Autónomas.
- C) Exclusiva das Comunidades Autónomas.
- D) Exclusiva das Comunidades Autónomas, sempre que así o recoñezan os seus Estatutos de Autonomía.

**4. Aos efectos da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, entenderase por "Datos de carácter persoal":**

- A) Calquera información concernente a persoas xurídicas.
- B) Calquera información concernente a persoas físicas ou xurídicas.
- C) Calquera información concernente a persoas físicas identificadas.
- D) Calquera información concernente a persoas físicas identificadas ou identificables.

**5. De cantos títulos, en total, consta a Consitución española de 1978?**

- A) Dez títulos.
- B) Once títulos.
- C) Nove títulos.
- D) Trece títulos.

**6. Natureza do Servizo Galego de Saúde. Sinale a correcta:**

- A) Organismo autónomo de natureza administrativa, sen personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.
- B) Organismo autónomo de natureza administrativa, dotado de personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.
- C) Entidade pública empresarial de natureza privada, dotada de personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.
- D) Organismo autónomo de natureza administrativa, dotado de personalidade xurídica propia e sen plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.

**7. Cal dos seguintes non é un dereito colectivo do persoal estatutario dos servizos de saúde?**

- A) Actividade sindical.
- B) Folga.
- C) Negociación colectiva.
- D) Formación continuada adecuada á función desempeñada.

**8. Composición da Xunta de Galicia. Sinale a afirmación correcta:**

- A) Presidente, un vicepresidente, e os conselleiros.
- B) Presidente, vicepresidente ou vicepresidentes, en todo caso, e os conselleiros.
- C) Presidente e conselleiros, no seu caso.
- D) Presidente, vicepresidente ou vicepresidentes, no seu caso, e conselleiros.

**9. Sinale a afirmación correcta:**

- A) O sistema privado de saúde de Galicia é parte integrante do Sistema Nacional de Saúde, sen prexuízo das competencias e funcións que sobre o primeiro corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia de conformidade coas leis.
- B) O sistema público de saúde de Galicia non é parte integrante do Sistema Nacional de Saúde, sen prexuízo das competencias e funcións que sobre o primeiro corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia de conformidade coas leis.
- C) Inclúense dentro do sistema público de saúde de Galicia as actividades ou servizos que sexan prestados con recursos non públicos.
- D) Todas as afirmacións anteriores son incorrectas.

**10. Conforme á Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, constituirase un Comité de Seguridade e Saúde en todas as empresas que contén con:**

- A) 25 ou máis traballadores/as.
- B) 50 ou máis traballadores/as.
- C) 75 ou máis traballadores/as
- D) 100 ou máis traballadores/as

Preguntas de reserva

**1. A selección de persoal estatutario fixo efectuarase con carácter xeral a través do:**

- A) Sistema de oposición.
- B) Sistema de concurso.
- C) Sistema de concurso-oposición.
- D) Sistema de concurso e excepcionalmente de oposición.

**2. De acordo co artigo quinto do Estatuto de Autonomía de Galicia sinale a afirmación correcta:**

- A) Os idiomas galego e castelán son propios de Galicia e todo teñen o dereito de conocelos e usalos.
- B) Os idiomas galego e castelán son oficiais de Galicia e todos teñen o deber de coñecelos e usalos.
- C) Os idiomas galego e castelán son oficiais de Galicia e todos teñen o dereito de conocelos e usalos.
- D) O idioma galego é o oficial de Galicia e todos teñen o deber de coñecelo e usalo.